

CURSO ARBITRAXE BALONMÁN

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A capacitación para as tarefas arbitrais e de auxiliar de mesa dos alumnos/as participantes. O curso contará con 2 partes:

- Formación teórica. 100% online e presencial 6/7 de setembro.
- Formación práctica. Práctica en competicións oficiais (remunerada) e de promoción.

2. CONSIDERACIÓNS PREVIAS

O alumnado terá que estar rexistrado na plataforma isquad (gratuito) da Federación Galega de Balonmán, a través do seguinte link:
<https://balonmano.isquad.es/afiliaciones/login.php>

3. CAPACITACIÓN

O alumnado recibirá o certificado de Árbitro/a e Auxiliar de Mesa por parte da Federación Galega de Balonmán.

4. PROFESORADO

Marta González e Pablo Barreiro - Árbitros de categoría nacional do colectivo arbitral galego e formadores habituais de novos árbitros/as na Federación Galega de Balonmán.

Iria Rivera - Árbitra Territorial do colectivo arbitral galego e Nacional de Praia. Formadora habitual de novos árbitros/as na Federación Galega de Balonmán.

Aurelio Barreiro - Delegado federativo da Real Federación Española de Balonmano e Directivo da Federación Galega de Balonmán coa función de responsable arbitral.

Abel Juncal - Árbitro de categoría División de Honra Prata con máis de 10 anos no colectivo arbitral galego. Formador habitual de novos árbitros/as na Federación Galega de Balonmán.

Alberto Rodríguez - Ex árbitro Asobal (máxima categoría nacional) e responsable da formación arbitral na da Federación Galega de Balonmán. Máis de 30 anos de experiencia arbitral.

5. CARGA LECTIVA DO CURSO

Bloque específico	Total	Online
Reglas de xogo Balonmán 5	8	100%
Reglas de xogo Balonmán 7	8	100%
Anotación e cronómetro	4	100%
Administración	1	100%
Imaxe corporativa	1	100%
Titorías	2	100%

6. CONTIDOS

A. Regras de xogo Balonmán 5

Iniciación ó regulamento de minibalomán así como os fundamentos do xogo e a labor arbitral en categorías de formación.

B. Regras de xogo Balonmán 7

Iniciación ó regulamento de balonmán así como os fundamentos do xogo e a labor arbitral en todas as categorías.

C. Anotación e cronómetro

Achegamento ás funcións de anotador/a cronometrador/a e a súa importancia no desenvolvemento dos encontros. Tarefas a realizar antes, durante e despois dun partido.

D. Administración

Procedementos administrativos básicos do colectivo arbitral: solicitude de gastos, subida de actas, primeiro contacto coa plataforma ISquad, rexistro como arbitro/a... etc.

E. Imaxe corporativa

A importancia da imaxe que se proxecta como membros do colectivo arbitral e os comportamentos a evitar, así como aqueles que nos definen e reforzan.

7. DATOS DA CONVOCATORIA

Localización	
Localidad	Vigo
Provincia	Pontevedra

Inscripcións	
Fecha de inicio de inscripciones	28/07/2025
Fecha de fin de inscripciones	12/08/2025
Curso	
Fecha de inicio del curso	18/08/2025
Fecha de fin del curso	21/09/2025

Datos económicos	
Forma de pago	Transferencia bancaria
IBAN	ES94 2080 5140 9130 40025671

Forma de pago - plazos	Importe
Pago inicial	50 €

Concepto	Importe
Derechos del curso	50 €
Importe tasas diploma	0 €
Total	50 €

Observacións
Para calquera dúbida podedes contactarnos en cte.arbitros@fgbalonman.com ou no 986410618.